



TRANSFORMACIÓN IES EN CIFP E CAMBIOS DE ENSINANZAS

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

Desprezo da Consellería ante a comunidade educativa

A Consellaría de educación despreza ao profesorado, ao alumnado e ás súas familias ao suprimir máis de 1.000 prazas escolares e desprazar do seu posto a centros de profesoras e profesores

Desde o STEG podemos entender que a transformación de ensinanzas pode traer consecuencias para o alumnado e as familias. Mais é absolutamente rexeitábel e debemos denunciar a forma en que se está a levar a cabo por esta Consellaría. Só pode ser atribuíbel a unha deficiente xestión dos responsábeis da Consellaría que as consecuencias sexan moito máis graves do que deberan ser.

En canto ao alumnado:

Non se preveu que a estas alturas máis de 1000 alumnas e alumnos xa están matriculadas/os nun centro e se lles obriga a ir a outro que non escolleron. De terse feito coa antelación suficiente poderían terse matriculado noutro centro da súa preferencia. Cousas como estas son as que as familias teñen interese de escoller facendo uso da súa liberdade.

Por outra banda pechar un ciclo en Fene cara O Ferrol ou en Palas de Rei cara Lugo conleva ao desprazamento do alumnado co conseguinte custo para as súas familias que teñen que facerse cargo do desprazamento e os outros gastos que isto xera. Esta é a aposta polo rural, que esta Consellaría, prometía no seu programa electoral.

En canto ao profesorado:

Supón a perda de destino de centos de docentes que, de terse feito co tempo e a antelación precisa, podía ter concursado e pensar na mellor maneira de solucionar esta difícil situación laboral.

A Consellaría é, xa que logo, responsábel desta deficiente xestión e de aumentar as consecuencias negativas para toda a comunidade escolar.

Por todo o anterior o STEG, demandará o vindeiro venres na mesa sectorial, a retirada do proxecto de Decreto para a transformación destas ensinanzas, emprazando ao goberno galego a que lle dea a oportunidade ao profesorado, alumnado e familias de planificar con tempo esta situación. Este tempo é imprescindible para minimizar o impacto negativo para familias, profesorado e alumnado que a xestión da Consellaría ven de provocar.

Secretariado Nacional do STEG
xuño de 2011